

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de decembro de 2022**

Ás 17.30 horas do día 15 de decembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López).

Asiste tamén o director da Área de Medio Ambiente don Javier Bobe Vázquez, para expoñer o punto segundo da orde do día e aclarar cantas dúbidas poidan xurdir.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE NOVIEMBRE DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 17 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA REGULADA POLA ORDE TED 934/2022 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA E A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2022) EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EN DIANTE “PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA”), PUBLICADA NO BOE Nº 235 DO 30 DE SETEMBRO DE 2022.

A Sra. **presidenta** indica que coa convocatoria a proposta de resolución hai un informe técnico asinado por don Javier Bobe Vázquez director da área de Medio Ambiente desta Deputación, e agradece a súa presenza hoxe na comisión para explicar o informe técnico e dar resposta a todas as cuestións que se desexe aclarar.

D. Javier Bobe Vázquez, director da Área de Medio Ambiente, informa dos aspectos máis destacados do proxecto da convocatoria “Next Generation” baixo a fórmula do PERTE, que é unha formula para aqueles proxectos nos que participa unha administración pública e unha empresa privada. As administracións públicas ás que está destinada son as que xestionan o ciclo da auga, abastecemento, saneamento e depuración. Pódense presentar os concellos de forma individual ou agrupada. O proxecto o presenta a Deputación Provincial a través de Aquaourense e a agrupación de todos os concellos que participen. Dende principios de ano se recadou información para coñecer as necesidades e ter a información. Temos ata o dez de febreiro para presentar a solicitude. O proxecto é complexo e por iso os prazos de adhesión dos concellos foi breve. O día 17 se fixo a presentación no Centro Cultural Marcos Valcárcel, e dende ese día se puideron adherir os concellos, destinatarios dos investimentos, e non se

responsabilizan da xestión, non sendo responsables subsidiarios. O día 30 finalizou a presentación de adhesión. A dez déronselles dez días hábiles para corrección, xa que nos concellos que había unha empresa xestora era necesario unha certificación do secretario. A forma de xestión non era condicionante, pero aos concellos que tiñan xestora solicitóuselles esa certificación. Recibimos 81 solicitudes de concellos e de dous consorcios: Os Peares e Valdeorras. Supón o 89,3% de interese das entidades locais. Os concellos que non presentaron solicitude, excepto Melón, Porqueira e Gomesende, o resto teñen unha concesionaria e teñen cuberta a reposición desas infraestruturas. Falouse cos concellos e cos secretarios. Cos concellos de Barbadás e Leiro falouse con eles. O concello de Pereiro de Aguiar ten unha concesionaria para o abastecemento pero non para a depuración, e se se excluíu da instalación de contadores intelixentes e dixitalización dos abastecementos e incluíu na dixitalización dos sistemas de depuración. O total son 75 adhesión en lectura, 10 dixitalización de sistemas de abastecementos, 65 en sistemas de depuración e 81 participando no centro de intelixencia de xestión provincial da auga. O total son uns 63.000 contadores de auga domiciliaria e uns 139 sistemas de depuración. O orzamento de todo isto foi a un total de 13.495.000 €. Concellos como Verín non participan porque teñen interese en presentar eles outro PERTE. Tamén se inclúen actuacións a maiores, son para tocar todos os aspectos e puntualos e conseguir o 80% do investimentos co límite de dez millóns. A Deputación achegaría tres millóns e medio. As cantidades están sen IVE, xa que se fai a través de Aquaourense e o IVE non é un gasto.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, agradece a explicación, e pregunta se os concellos que se adhíren poden variar as circunstancias.

D. Javier Bobe Vázquez, director da Área de Medio Ambiente, responde que se o número de abonados varía se poden encaixar dentro do proxecto. Se non quere participar non se lle pode obrigar. Sería máis complicado se algún que non quixo participar agora non podería.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que aos concellos de Taboada e Allariz lles vencen os contratos que teñen na actualidade en 2025, e poderían variar os servizos.

D. Javier Bobe Vázquez, director da Área de Medio Ambiente, responde que ambos entran na telelectura. A empresa concesionaria non ten obriga de conservación e mantemento. O propio concello non ten na taxa a conservación e mantemento. Anima a que todos os concellos a que inclúan na taxa, porque o contador e responsabilidade do abonado e cada 12 anos terán a obriga de substituílo, e iso era e será complicado. O mellor será que o concello

asuma esa responsabilidade trasladando na cota mensual un importe, e debe levarse a ordenanza ou ben que se faga nos 5 primeiros anos a concesionaria.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que se no ano 2025, o prego de prescricións por cinco anos por Aquaourense será unha cota fixa de 12 euros anuais. Na actualidade non teñen taxa de acometida.

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, di que en todos os concellos a xestión é directa ou por unha empresa, e sen embargo na Peroxa indica que é xestión indirecta.

D. Javier Bobe Vázquez, director da Área de Medio Ambiente, responde que non se coñecía o nome da empresa, é un fontaneiro autónomo.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Participar na convocatoria, a través do operador “AQUA OURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE, SA”, regulada na Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrência competitiva para a elaboración de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrência competitiva de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en diante, “PERTE dixitalización do ciclo da auga”), e aceptar expresamente o procedemento e condicións regulados nela.

2.- Aprobar a solicitude que se presenta na convocatoria por parte de “AQUA OURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE, S.A.”, coas seguintes actuacións subvencionables e a provisión de dotacións orzamentarias contempladas en cada unha delas:

-Actuación denominada “OU-Intelixente: a provincia da auga”, cun orzamento total de 13.492.102,36 € (IVE excluído), e unha subvención solicitada de 10.000.000,00 € (IVE excluído).

3.- A Deputación comprométese a financiar a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico con cargo aos orzamentos ordinarios dos exercicios aos que se refire o proxecto, e como máximo, os previstos no artigo 37 da convocatoria, a través das aplicacións orzamentarias que sexan precisas, adecuadas e

suficientes, e incorporando a correspondente xeración de créditos e as dotacións correspondentes ás actuacións subvencionadas no orzamento vixente e/ou nos futuros proxectos de orzamentos da Deputación.

4.- O compromiso da Deputación de dispor dos recursos, tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha durante polo menos o primeiros cinco (5) anos de actividade.

5.- O compromiso da Deputación do envío da información sobre os usos da auga que se lle requira polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, segundo o disposto no apartado d) do artigo 33 da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022 do PERTE da dixitalización da auga.

6.- Que todos estes compromisos quedan condicionados á obtención da subvención solicitada.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta cal é o estado actual do contrato de MEISA.

A Sra. presidenta, responde que o Sr. presidente, no pleno de novembro, contestou dando lectura ao informe de Cristina Pedrosa Leis do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, de Aristeia Avogados SLP, na súa condición de asesora xurídica de Estación de Inverno Manzaneda SA, no que indica que, tal e como consta no perfil do contratante, se convocou un procedemento de licitación aberto para a adxudicación para a xestión, non constando presentadas ofertas dentro do prazo legalmente previsto. Conforme prevé a normativa de contratación de aplicación, procederá a declaración de deserto do procedemento e, no seu caso, proceder á adxudicación do contrato, como se prevé para estes supostos no consello de administración. Non ten constancia a día de hoxe da realización dese consello de administración.

D. Bernardo Varela López, do BNG, presentou un rogo por escrito que literalmente di:

“Este verán de 2022, vimos de atravesar por unha grave seca que previsiblemente será o escenario máis habitual nos vindeiros anos conforme se van cumprindo as previsións de cambio climático. Esta seca provocou unha grave crise do servizo de abastecemento de augas

do Concello de Ribadavia, xa que á seca engadiuse a falla de previsión do goberno municipal respecto do esgotamento das captacións habituais de augas, así como a inexistencia dunha captación alternativa e que asegure o abastecemento. De tal xeito que a partir do 5 de agosto sucedéronse os cortes de subministración e en setembro entrou en funcionamento unha captación provisoria e de emerxencia que se mantivo ata o comezo das chuvias no mes de outubro. É por tanto urxente a dotación dunha nova captación para o abastecemento do servizo municipal de augas de Ribadavia de cara a: 1.- Asegurar o abastecemento en caso de seca. 2.- Permitir que a veciñanza que o ten solicitado en diversas localidades do concello de Ribadavia se poida conectar á rede municipal de abastecemento. Esta nova captación só pode realizarse, con garantías, aproveitando as augas do río Miño, polo que é necesario que as distintas administracións se comprometan no seu financiamento, a empezar pola Deputación Provincial de Ourense como institución que ten como fin a cooperación xurídica, económica e técnica cos concellos. En definitiva, que se colabore nunha infraestrutura básica, necesaria e nunha actuación que xa ten realizado no caso doutros concellos próximos a Ribadavia, para captar augas do Miño. Por isto, presentamos o seguinte rogo para que a Deputación Provincial de Ourense se comprometa no financiamento dunha nova captación para o abastecemento de auga en Ribadavia”.

A Sra. presidenta di que toma nota do rogo.

D. Álvaro Vila Araujo, do Grupo Socialista, di que o presidente anunciou hai uns días para a próxima primavera a apertura do balneario de Verán e pregunta se xa están rematados os pregos e as bases para a adxudicación da explotación do recinto termal de Verín e se é así cando se publicarán para poder cumprir os prazos en tempo segundo anunciou o presidente.

A Sra. presidenta responde que contestará en canto teña información.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta a que acordo se chegou na xuntanza do pasado mes de outubro na comisión de seguimento do Concello de Ourense, Xunta e a Deputación para determinar onde vai estar a localización da Deputación.

A Sra. presidenta di que agora mesmo non dispón desa información e a trasladará en canto a teña.

E, ás 17.54 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

